

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 17 de marzo de 2014 pola que se convoca a Xornada sobre financiamento europeo para proxectos de fomento da actividade física e do deporte.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2014 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase, en colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Galicia Europa, a Xornada sobre financiamento europeo para proxectos de fomento da actividade física e do deporte. Esta actividade desenvolverase conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos:

Informar o sector deportivo sobre as diferentes posibilidades de financiamento de proxectos europeos no ámbito da actividade física e do deporte.

2. Contidos:

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- Proxectos europeos: tramitación e financiamento.
- Posibilidades de financiamento de proxectos europeos no ámbito da actividade física e o deporte.
- Erasmus +: contexto do programa, accións financiáveis, exemplos de proxectos financiados.

3. Destinatarios:

Concellos galegos, federacións deportivas galegas, clubs deportivos, xestores deportivos, directores e profesores de centros educativos galegos con proxectos de fomento de actividade física e deportiva e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento:

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP).



Data e horario: martes, 1 de abril de 2014, das 16.00 ás 20.00 horas.

Duración: 4 horas lectivas.

5. Número de prazas:

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes:

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>

As persoas solicitantes poderán obter máis información en horario das 8.30 ás 14.30 horas, chamando aos seguintes números: 981 54 62 41/981 54 62 39.

7. Prazo:

O prazo de inscrición estará aberto desde as 8.00 horas do día 24 marzo ata as 0.00 horas do día 30 de marzo de 2014.

8. Modificacións:

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustifícase a súa realización.

9. Certificado de asistencia:

Ao final da xornada entregaráselles un certificado de asistencia a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa o contido, a data e o lugar de realización desta xornada.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2014

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

